



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Lingua e Cultura Clásica	Código	613G03006	
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Profesorado	Gonzalez Muñoz, Luis Fernando	Correo electrónico	fernando.gonzalez.munoz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Estudo da lingua latina, da literatura romana e doutros aspectos da cultura da Antigüidade, con especial atención á súa influencia sobre a civilización occidental			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Coñecer as técnicas de análise lingüística e literaria aplicables ao campo da Filoloxía Latina, así como a terminoloxía propia desta disciplina	A1		
Aplicar as técnicas de análise lingüística e literaria a textos literarios latinos	A2	B1	
Coñecer aspectos relevantes da cultura latina e da súa pervivencia na civilización occidental	A13	B5	
Sintetizar e valorar criticamente información especializada relativa ao campo dos estudos latinos	A2	B7	
Utilizar recursos bibliográficos, bases de datos e ferramentas de procura de información, adquirindo capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos		B1	
		B2	
Relacionar os contidos específicos desta materia cos de outras áreas e disciplinas, principalmente a historia da literatura inglesa		B5	
Organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva		B3	
		B6	
Apreciar a diversidade		B8	

Contidos	
Temas	Subtemas



1. Presentación do curso	1.1 Obxectivos 1.2 Cronograma 1.3 Actividades avaliábeis 1.4 Fontes de información 1.5 Sistema de avaliación
2. Estruturas do latín antigo I: o sistema fonético	2.1 Descrición do sistema fonético do latín antigo 2.2 Tendencias da evolución fonética do latín ás linguas romances
3. Estruturas do latín antigo II: o sistema verbal	3.1 Descrición do sistema verbal do latín antigo 3.2 Continuidade e reorganización do sistema verbal latino nas linguas romances
4. Estruturas do latín antigo III: o sistema nominal	4.1 Funcións e usos dos casos 4.2 Paradigmas nominais (declinacións) 4.3 A perda do sistema casual latino nas linguas romances
5. Estruturas do latín antigo IV: o léxico	5.1 Características do léxico patrimonial latino máis antigo 5.2 Préstamos e mecanismos de creación lexical 5.3 Pervivencia do léxico latino nas linguas romances e na terminoloxía técnico-científica
6. Historia da lingua latina	6.1 Variedades diacrónicas 6.2 Variedades diatópicas 6.3 Variedades diastráticas 6.4 A lingua latina no mundo contemporáneo
7. O sistema literario da Antigüidade	7.1 Funcións e usos da literatura 7.2 Os escritores e o público 7.3 Etapas das literaturas romana e latina
8. Principais xéneros literarios	8.1 A épica 8.2 A traxedia e a comedia 8.3 A elexía 8.4 A narrativa breve en prosa e en verso
9. A transmisión dos textos e da cultura literaria	9.1 Tipoloxía da transmisión: oral, manuscrita, impresa 9.2 Procesos de transferencia desde a literatura a outras linguaxes artísticas
10. Aspectos do legado cultural da Antigüidade: o cómputo do tempo	10.1 Os sistemas cronográficos 10.2 O calendario 10.3 A nomenclatura das unidades temporais (días, meses etc)

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	A1 A2 B2 B5	22	44	66
Lecturas	B3 B6 B8	0	20	20
Proba obxectiva	A13 B1 B7	2	16	18
Sesión maxistral	A13 B5 B7	22	22	44
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Exercicios de análise e de comentario lingüístico e literario a propósito dos diversos temas e subtemas do programa. Poderán ser de carácter oral, no curso das sesións de grupo intermedio e reducido, ou escrito, en forma de actividades avaliábeis de carácter individual.



Lecturas	Lectura por conta do estudante dun dossier de textos de carácter literario e/ou académico que lle será proporcionado polo profesor. Estes textos serán o material sobre o que se programarán actividades prácticas avaliábeis que consistirán en recensións e controis de lectura de carácter individual, presentados por escrito
Proba obxectiva	Exercicio final individual e escrito de carácter teórico-práctico sobre as cuestións desenvolvidas durante o curso.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor de contidos relativos a cada un dos temas e subtemas co apoio de documentación adicional en formato impreso ou dixital.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O estudante poderá asistir, por iniciativa propia, a tutorías individuais coa finalidade de resolver dúbidas e planificar estratexias de resolución de problemas. O profesor tamén poderá convocar aos estudantes a titorías individuais en caso de consideralo oportuno.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A1 A2 B2 B5	Unha parte das actividades de análise e comentario de textos propostas aos estudantes será presentada por escrito conforme aos prazos e condicións acordados entre o profesor e os estudantes. O valor destes exercicios será, como máximo, un 30% da cualificación final. Neste apartado tamén se contempla un máximo do 10% da cualificación final para a asistencia e participación activa nas sesións de grupo intermedio e reducido, onde se leven a cabo de forma oral actividades destas características (debates, comentarios de textos etc)	40
Lecturas	B3 B6 B8	O estudante dará conta das lecturas obrigatorias que fosen propostas polo profesor mediante controis de lectura ou, no seu caso, recensións	10
Proba obxectiva	A13 B1 B7	Proba escrita individual de carácter teórico-práctico que se efectuará nos prazos estipulados polo calendario oficial de exames da Facultade de Filoloxía.	50

Observacións avaliación

<p>As actividades presentadas por escrito, incluídas as probas finais, deben cumprir cos oportunos estándares de corrección lingüística, estar redactadas de maneira clara e carecer de faltas de ortografía. O non cumprimento destas condicións será tido en conta negativamente na puntuación da proba respectiva.</p> <p>A cualificación mínima para aprobar a materia, resultado da suma das puntuacións acadadas polas distintas actividades de avaliación programadas, será de 5. Agora ben, tanto na oportunidade de xuño como na de xullo requirirase unha nota mínima de 4 na proba obxectiva para poder optar ao aprobado sumando as puntuacións relativas ás restantes metodoloxías</p> <p>Os estudantes que non aprobasen a materia na oportunidade de xuño poderán repetir en xullo aquelas actividades ou probas pendentes/suspensas, coas mesmas condicións e porcentaxes.</p> <p>De non realizar a proba final prevista o estudante será cualificado como Non Presentado.</p> <p>Os estudantes que disfruten da dispensa académica recibirán, no apartado de Análise de fontes documentais, un máximo do 40% da cualificación final en función das actividades que teñan presentado por escrito ao longo do curso.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - George Hacquard (2008). Guía de la Roma antigua. Madrid. Palas Atenea - Lisardo Rubio (1995). Nueva sintaxis latina simplificada. Madrid. Ediciones clásicas - Tomás González Rolán e Lisardo Rubio (1985). Nueva gramática latina. Madrid. Coloquio - José Molina Yébenes (1993). Iniciación a la fonética, fonología y morfología latinas. Barcelona. Univ. de Barcelona - Paul M. Lloyd (1987). Del latín al español. Fonología y morfología históricas de la lengua española. Madrid. Gredos - Carmen Codoñer (ed.) (1997). Historia de la literatura latina. Madrid. Cátedra - Leighton D. Reynolds - Nigel G. Wilson (1986). Copistas y filólogos. Las vías de transmisión de las literaturas griega y latina. Madrid. Gredos - Wilfried Stroh (2013). El latín ha muerto, ¡viva el latín! Breve historia de una gran lengua. Barcelona <p>The Classics Page http://www.thelatinlibrary.com/classics.html Bibliotheca Augustana https://www.hs-augsburg.de/~harsch/augustana.html Recursos para lThe Classics Pagea literatura clásica (USAL) http://clasicas.usal.es/portal_recursos/index.php?option=com_content&view=category&id=12&Itemid=16 Interclassica (Univ. de Murcia) http://interclassica.um.es/ Analecta Malacitana (Univ. Málaga) http://www.anmal.uma.es/anmal/recursos0.htm Ludus litterarius http://www.luduslitterarius.net/Resumos de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/lagrama.htm Ejercicios de gramática latina http://www.aplicaciones.info/latin/latin.htm</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías